

# **PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19**

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES  
CURSO 2021-2022**

***ANPA AQUAM LATAM DO CEIP DE AGOLADA***



Agolada, a 8 de novembro de 2021

## **1. - CONSIDERACIÓN XERAIS.**

Despois de varios anos sen que no CEIP DE AGOLADA, exista unha ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS (ANPA), un grupo de nais decidimos constituir unha nova ANPA, a cal se denomina ANPA AQUAM LATAM DO CEIP DE AGOLADA.

Dentro das súas finalidades para a que foi constituída, está a de **organizar, promover e colaborar en actividades extraescolares**, polo que decide facer unha proposta ó Consello Escolar para o curso 2021-2022.

Son moitos os motivos que nos levan a asumir este reto e queremos destacar os seguintes:

- Crear espazos educativos, culturais, deportivos onde os nenos e nenas poidan relacionarse en función das súas preferencias dentro do tempo libre.
- Desenvolver as actividades extraescolares nos espazos da comunidade educativa, o que nos leva a reforzar os vínculos con nenos e nenas doutros niveis e grupos. Ademais pensamos que os nenos e nenas en etapa infantil séntense máis seguros dentro do recinto do seu colexio á hora de realizar actividades extraescolares.
- Por outra parte está facilitar a conciliación da vida familiar e laboral tan necesaria para as familias.

## **2. - MEDIDAS XERAIS EN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Coa finalidade de cumprir co protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, elaboramos este plan de continxencia para as actividades extraescolares organizadas pola ANPA AQUAM LATAM DO CEIP DE AGOLADA, dentro das instalacións do CEIP DE AGOLADA, partindo do anexo VI " Actividades extraescolares e complementarias organizadas polas ANPAS, Concellos, etc nos centros educativos."

Dado que os participantes nas nosas actividades extraescolares chegan a elas despois da xornada escolar, e polo tanto xa accederon antes ó centro educativo, tódalas normas de acceso e permanencia no centro serán as mesmas que o centro aplique.

Se asistise algún neno/nena alleo ó CEIP DE AGOLADA, deberá cumprir ás normas establecidas tanto por o CEIP DE AGOLADA, como as marcadas pola ANPA, para a realización da actividade.

As nosas actividades extraescolares e de conciliación son actividades lúdico educativas accesibles a gran cantidade de colectivos e inclusivas, que representan por un lado unha gran oportunidade para a conciliación das familias e, por outro lado un espazo de aprendizaxe, diversión e socialización.

Nós comprometémosnos coas accións previstas nos centros educativos e queremos ser continuadores delas, extendendo así a súa efectividade.

2.1.- As nosas medidas resúmense nas seguintes accións:

- a) Limpeza e desinfección das salas, estancias, baños, zonas de tránsito, mobiliario ou útiles empregados.
- b) Ventilación adecuada (antes, durante e despois)

- c) Acudir sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo.
- d) Aforo máximo por actividade.
- e) Grupos de actividades extraescolares estables e rexistro diario de asistencia (evitar novos membros, interacción entre grupos, ou si é posible, cambio de monitores/as). O rexistro diario será custodiado pola entidade e poderá serlle requerido polo Equipo Covid.

2.2.- As clases organizaranse de tal xeito que se poida facer unha saída e entrada graduada e unha ventilación entre clases, e de cando menos 10 a 15 minutos por hora.

2.3.- Respectaranse na medida do posible os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas.

2.4.- Nas idades máis pequenas (infantil ou 1º e 2º de EP) valorarase facer grupos máis pequenos se fose necesario.

2.5.- En actividades para adultos o aforo será o permitido con carácter xeral polas autoridades sanitarias para xuntanzas segundo a situación epidemiolóxica da zona.

2.6.- Todas as medidas e pautas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas polas autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica xerada pola pandemia, polo tanto son revisables para cumprir coa normativa de aplicación en cada momento.

### 3. - NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.

3.1.-As nais/os pais, titores legais e os monitores das actividades firmarán unha declaración de responsabilidade, o inicio das actividades, na que se comprometen a valorar e respectar as seguintes pasos/normas:

3.2.- Realizar a enquisa de autoavilación prevista neste "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022" e non acudir á actividade de acordo co que a mesma estableza.

3.3.- Informar ao persoal monitor no caso de que se dé algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavaliación para o seu coñecemento e traslado ao centro educativo que o poñerá en coñecemento do Equipo Covid.

3.4.- Máscara: Todo o alumnado que participa nas actividades levará máscara durante toda a actividade. Será obrigatoria para os maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe médico. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado. Aínda que a ANPA entregará ós monitores repostos para o alumnado, para os casos en que non a teñan ou ésta non estea nas condición adecuadas.

3.5.- Non estará permitida a entrada a persoas alleas (nais/pais/titor) nas actividades nin nas instalación deportivas. Así como tampoco estará permitido estar na instalación fora da actividade. Tampouco estará permitida a presenza dos propios participantes das actividades cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas gradas, patio, ....

3.6.- As familias non poderán acceder á aula onde se impartirá a actividade. Será o propio monitor/a quen sairá a recibir e entregar os nenos e nenas. Á entrada á

actividade sempre haberá unha persoa da ANPA que coordinará os nenos e nenas para acceder á aula en orden.

3.7.- Habendo feito previamente á solicitude dunha aula para a impartición das actividades extraescolares organizadas pola ANPA, o colexio manifesta que a ANPA pode utilizar a aula destinada a ludoteca para realizar estas actividades.

3.8.- Debido á situación da aula para as actividades, non contamos cunha porta de ENTRADA e outra de SAÍDA, así que farase a entrada e saída por as mesmas portas. Tendo en conta que algunha actividade se realizará o mesmo día, para grupos distintos con diferente horario, primeiro efectuaráse a saída e posteriormente a entrada do novo grupo. No exterior marcaráanse as zonas para esperar a entrada e/ou saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil é precisa a máxima puntualidade.

3.8.- O monitor/a accederá ó colexio por a entrada principal, procurando non interferir co alumnado que sae do centro para o transporte escolar.

3.9.- O alumnado debe acceder co monitor ou ca persoa da ANPA á súa aula donde se impartirá á actividade, sen mesturarse con outras aulas, empregando a porta dende o lugar de recollida dos alumnos á saída do colexio (ás 15.45 horas) para ás actividades.

3.10.- O aforo máximo marcado pola lei é de 20 alumnos/as por monitor.

3.11.- O protocolo establece que as actividades extraescolares poden ser en agrupamentos por ciclos e cursos próximos.

3.12.- As actividades desenvolveranse SEMPRE no mesmo local, e os grupos serán definidos dende o principio de curso. A ANPA facilitará unha listaxe de alumnos e alumnas para que o monitor/a realice o seguimento diario de asistencia, faltas e incidencias, tamén se fará un esquema indicando o lugar que ocupan, non podendo cambiar de compañeiros/as para limitar as interacción e facilitar a localización de

posibles contactos estreitos. Este rexistro diario será custodiado pola ANPA e poderalle ser requerido polo equipo covid do CEIP DE AGOLADA.

3.13.- A aula destinada ás actividades contará cun aseo asignado, que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas. O aseo será utilizado en caso de necesidade y vixilarase que os nenos e nenas cumpran coas medidas hixiénicas antes e despois do seu uso.

Nos grupos de nenos e nenas ata os 7 anos prestarase especial atención por parte dos coidadores á aplicación do xel por parte do alumnado.

3.14.- O entrar e saír da actividade deberán desinfectarse ás mans, no caso de dermatite ou alerxia de contacto poderán ir ó baño a lavalas mans.

3.15.- A hixiene de máns, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obrigatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ó baño, esbirrar, tusir,... ou cando o determine a persoa monitora.

3.16.- As actividades que utilicen mesas, sillas para traballar ou outros materiais, procederán a súa desinfección antes de comenza a clase e despois do uso da mesma. Serán os propios monitores os encargados e responsables de realizar esta tarefa.

3.17.- Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo o curso. Entregarase ao centro un plano de situación con estes lugares marcados para facilitar, en caso de ser necesario, o seguimento epidemiolóxico.

3.18.- O uso da máscara responderá ao previsto neste "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022". As persoas monitoras determinarán os momentos de respiro ou paradas para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade.

3.19.- A organización de tarefas e exercicios será en función da normativa vixente. Inicialmente serán de forma individual ou en pequenos grupos, evitando o contacto.

3.20.- Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans. A ser posible cada alumno/a traerá o seu material necesario para a actividade (lápiz, goma, bolígrafo, libreta,...)

3.21.- Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.

3.22.- Ventilación: a aula deberá permanecer coa xanela e porta aberta co fin de garantir a correcta circulación do aire.

3.23.- Cando a actividade implique saída do centro e visita a algún lugar deberá coñecerse con antelación o protocolo COVID da instalación e deberá ser asumida e explicada ao alumnado de acordo a súa idade.

3.24.- Cando a actividade implique uso de transporte deberán extremarse as medidas de hixiene, por suposto será obrigatorio o uso de máscara e anotarse o lugar que ocupa o alumnado que será fixo nos dous sentidos do traxecto.

3.25.- Cando as actividades supoñan a entrada no centro de persoal alleo este deberá coñecer previamente e asumir na súa totalidade o protocolo COVID e o Plan de adaptación do centro e asinar o compromiso de realizar a enquisa de autoavaliación antes da actividade. En ningún caso acudirá se teñen síntomas de igual xeito que o persoal do centro. O equipo COVID estará informado en todo momento.

#### ***4. - RELACIÓN COAS FAMILIAS.***

4.1.- Facilitarase ás familias un contacto da ANPA para comunicar calquer incidencia (teléfono, correo electrónico, ...).

4.2.- As familias na súa ficha de inscrición na actividade facilitarán un teléfono de contacto para poder ser localizada se fose necesario.

4.3.- O alumnado participante nas actividades organizadas pola ANPA, que presente sintomatoloxía de Covid-19 non debe acudir (tos, febre, dificultade respiratoria, etc.).

4.4.- As familias acudirán puntuales a recoller ós seus fillos/as ó finalizar a actividade. O monitor nunca entregará ningún alumno a persoas distintas que figuren como autorizadas na ficha de inscrición.

#### ***5. - XESTIÓN DE CASOS COVID.***

5.1.- Todos os monitores dispoñeran dunha listaxe dos nenos e nenas participantes cos datos necesarios para poder localizar a súa familia.

5.2.- Se unha nena / neno presenta durante a actividade síntomas compatibles coa Covid-19, trasladarase a outra dependencia na que non estea en contacto co resto de alumnos/as participantes e inmediatamente se chamará a súa familia para que acuda a recollelo e contacte co seu centro de saúde. Así mesmo, informarase da situación á dirección do CEIP DE AGOLADA.

## **ANEXOS:**

I.- Modelo de declaración responsable que firmarán as nais/pais e monitores ó inicio da actividade.

II.- Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19, e documento para xustificación das ausencias por sintomatoloxía compatible coa Covid-19.

III.- Plano indicando a porta de entrada e saída, plano de distribución da aula onde se imparten as actividades, indicando o lugar que ocupa cada alumno/a dentro da aula, así como onde depositan o material, situación do aseo, lugar de illamento no suposto que algún alumno/a presente síntomas compatibles coa Covid-19, lugar de recollida para as familias.

IV.- Carteleria, que será colocada na aula onde se impartirán as actividades extraescolares.



# **ANEXO I**

## **Declaración responsable**

### **Alumnos e monitores**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE  
(NAI / PAI / TITOR)**

D./D<sup>a</sup> .....

con DNI número....., como proxenit@r/titor@ legal do  
alumno/a:

..... matriculado no  
curso ....., do CEIP DE AGOLADA.

**DECLARA RESPONSABLEMENTE** que coñece o protocolo de actividades extraescolares no contexto da COVID-19 da ANPA AQUAM LATAMA DO CEIP DE AGOLADA para o curso 2021-2022, e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de **NON** enviálo/a ás actividades extraescolares e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntoma previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso deque o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderá acudir ás actividades extraescolares ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias a ANPA que o comunicará ao Equipo COVID do CEIP DE AGOLADA

En Agolada, a ..... de ..... de 20.....

ASDO. \_\_\_\_\_

# **II.- Enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19 para monitores e alumnos**





## ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa médico/a ou pediatra.

<i>Presentou nos últimos días?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>CONVIVIU nos últimos 10 días?</b>	<b>cunha persoa Covid-19 + confirmado?</b>		



ANPA AQUAM LATAM DO CEIP DE AGOLADA.

Avda. del Iryda, s/n – 36520 Agolada (Pontevedra)

[ampagolada@gmail.com](mailto:ampagolada@gmail.com)

Telf. 659 90 65 94

XUSTIFICACIÓN AUSENCIAS POR SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE COA COVID-19

Don/a ..... (pai/nai/titor-a legal)

do alumno/a .....

participante da actividade extraescolar .....

Asinando este comprobante manifesta que con data..... o seu fillo/a presento una casa sintomatoloxía compatible coa COVID-19, polo que contactou co Centro de Saúde de referencia as seguintes 24 horas e comunicou esta circunstancia á directiva da ANPA AQUAM LATAM DO CEIP DE AGOLADA á maior brevidade posible.

Esta situación motivou a ausencia do alumno/a durante as seguintes datas:

.....

.....

.....

En Agolada, a .....


**Á XUNTA DIRECTIVA DA ANPA AQUAM LATAM DO CEIP DE AGOLADA**




## III. - Planos



*PLANO SITUACIÓN AULA DESTINADA ÁS ACTIVIDADES  
EXTRAESCOLARES DENTRO DO CEIP.*




## *SITUACIÓN DOS ALUMNOS/AS NA ACTIVIDADE DE INFORMÁTICA*





*SITUACIÓN DOS ALUMNOS NA ACTIVIDADE DE INGLÉS*



# IV.- CARTELEIRA



# MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE



Hixiene de mans frecuentemente




Evitar tocarse ollos, boca e nariz



USO OBRIGATORIO  
DA MÁSCARA

MANTER A DISTANCIA



PROHIBIDO DARSE A MAN

*CARTEL SITUADO Á ENTRADA /SAÍDA DA AULA*




**OBLIGATORIO  
DESINFECTARSE  
LAS MANOS**

Este Plan de Contixencia por o Covid-19, foi elaborado por os membros da Xunta Directiva da ANPA AQUAM LATAM DO CEIP DE AGOLADA, que nes manifestan que velarán por o cumprimento das normas establecidas en materia de prevención fronte o Covid-19.

A XUNTA DIRECTIVA



Asdo. Mónica Negro García



Asdo. Paula Coego Montoto




Asdo. Ana Belén Blanco Cordido



Asdo. Ana Coego Pampín

Asdo. Margarita Varela Iglesias



Asdo. Raquel Sánchez Rivas



Asdo. Teresa Tarrío Lamas

